



Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

ACORDO:

Na cidade de Ourense, a dous de marzo de de dous mil catro.

Visto o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común coa denominación de *Tornadoiro, Ladeira e Chaira*, por solicitude dos veciños de Aguís, do concello dos Blancos (Ourense).

Resultando que con data 8 de xuño de 2001, tivo entrada no rexistro da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polos veciños do lugar de Aguís, concello dos Blancos (Ourense), solicitando se declare o monte *Tornadoiro, Ladeira e Chaira*, como veciñal en man común.

Resultando que o Xurado Provincial en sesión de data 23 de abril de 2002 acordou tomar en consideración o citado escrito e iniciar o expediente de clasificación do monte e dos membros do xurado designáronse instructores do expediente a Belén Bris Marino e Miriam Areal López, que aceptaron tal cargo na mesma sesión. Remitíronse comunicacións dirixidas ós veciños do lugar de Aguís, á Deputación Provincial de Ourense, ao concello dos Blancos, á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, á Xerencia Territorial do Catastro,





ao Servizo de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Ambiente, á Delegación Provincial da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e ao Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia. Publicáronse edictos no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de anuncios do Concello dos Blancos durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia estendida ó dorso do edicto polo secretario do citado concello, para que durante o prazo sinalado os interesados puidesen comparecer ou intervir nel, en defensa dos seus dereitos, e non consta presentada ningunha alegación..

Resultando que a anotación preventiva de iniciación do expediente se practicou no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia, como segue:

Predio 7.385, ao Folio 93, do Tomo 679, do Libro 33 dos Blancos.

Resultando que na tramitación do expediente se cumpriron tódalas formalidades legais.

Considerando que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten xurisdicción e competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

Considerando que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de montes veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes:





- 1) Que os condominios se unen por vínculos persoais de veciñanza agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais;
- 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado;
- 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cota no sentido xurídico-romano;
- 4) Que o patrimonio e a participación é inalleable, imprescritible e inembargable;
e
- 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedir a "*actio communi dividundo*".

Considerando que segundo informacións e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños do lugar de Aguís, no concello dos Blancos.

Os datos do citado monte son os que se referencian na parte dispositiva deste acordo.

Considerando que das informacións recollidas resulta que os veciños do lugar de Aguís, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.





Considerando que a teor do disposto na Lei de montes veciñais en man común o expediente de clasificación se iniciou por acordo do xurado, por instancia dos veciños do lugar de Aguís, para que este xurado puidese acordar a iniciación do expediente de clasificación.

Vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento: o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, así como o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992.

Visto o Decreto 14/2002, do 24 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros:

ACORDA:

Primeiro. – Clasificar o monte coa denominación *Tornadoiro, Ladeira e Chaira*, de 40 ha, en conxunto, aproximadamente de superficie a favor dos veciños do lugar de Aguís, no Concello dos Blancos (Ourense), e cos datos que a seguir se relacionan, coma veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.





Concello: Os Blancos (Ourense)

Denominación do monte: Tornadoiro, Ladeira e Chaira

Comunidade propietaria: veciños de Aguis

Superficie: 40 ha, en conxunto, aproximadamente.

Os límites coas propiedades particulares atópanse delimitados mediante muros de pedra e valados na terra.

Monte Tornadoiro:

Superficie: 25 has, aproximadamente

Estremas.

Norte. Propiedades particulares pertencentes ao polígono nº 47: parcela nº 88 de Epifanio Colmenero Forneiro, nº 418 de Julio Barrio Suárez, nº 367 de Alfredo Campos Barreiro, e outras propiedades particulares

Sur: propiedades particulares pertencentes ao polígono nº 47: parcela nº 170 de José Castro Pérez, nº 265 de Rosa Araujo Ferreiro, nº 273 de Concepción Gil Lamas, e outras propiedades particulares; monte comunal denominado "Asperón" dos veciños de Pexeiros. O linde con este monte márcase a liña imaxinaria do polígono nº 46 que une as leiras nº 580 de Enriqueta Gómez Forneiro, Enrique Gómez Arrojo e Cándida González Gómez, e nº 693 de Antonio López Gómez





Leste: propiedades particulares pertencentes ao polígono nº 47: parcela nº 143 de Teresa González Forneiro; propiedades particulares do polígono nº 46: parcela nº 563 de Engracia Gómez López, nº 566 de Sergio Pérez Villamarín, nº 693 de Antonio López Gómez, e outras propiedades particulares.

Oeste: propiedades particulares pertencentes ao polígono nº 47: parcelas nº 361 de Manuel Álvarez González, nº 525 de Eudoxia Castro Salinas, nº 289 de Juan Antonio Gil Lamas e outras propiedades particulares; e o antigo camiño que enlazaba as localidades de Tosende e Aguís.

Monte Ladeira:

Superficie: 5 has aproximadamente

Estremas:

Norte: propiedades particulares pertencentes ao polígono nº 47: parcelas nº 274 de Manuel Trigo Barbas, nº 263 de Luis Araujo Ferreiro, nº 173 de Ramón López Nocelo, e outras propiedades particulares.

Sur: propiedades particulares pertencentes ao polígono nº 47: parcelas nº 250 de Luisa Jardón Lamas, nº 256 e nº 696 de Celso Pérez Álvarez





Leste: propiedades particulares pertencentes ao polígono nº 47: parcelas nº 169 e 172 de José López Nocelo, nº 173 de Ramón López Nocelo, nº 261 de Ricarda Campos Trigo, e outras propiedades particulares.

Oeste: propiedades particulares pertencentes ao polígono nº 41: parcelas nº 435 de Serafin Lama López, nº 437 de Julio Campos Trigo; e o antigo camiño que enlazaba as localidades de Tosende e Aguiás.

Monte Chaira:

Superficie: 10 has aproximadamente

Estremas

Norte: camiño de Tosende a Fonte Arcada pola zona denominada Augela

Sur: propiedades particulares pertencentes ao polígono nº 41: parcelas nº 70 de Beatriz García Valencia, nº 289 de Antonio Pena Villarino, nº 498 de Samuel Trigo Opazo, e outras propiedades particulares.

Leste: propiedades particulares pertencentes ao polígono nº 41: parcelas nº 434 de Delfín Rodríguez Méndez, nº 435 de Serafin Lama López, nº 436 de Julia, María e Simplicio Trigo Rodríguez.

Oeste: propiedades particulares pertencentes ao polígono nº 41: parcelas nº 62 de Hortensia Sotelo Lama, nº 63 de Josefa Opazo Olmos, nº 70 de Beatriz García Valencia, e outras propiedades particulares.





Segundo.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor de persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Notifíquese esta resolución ó Concello dos Blancos (Ourense), aos representantes da comunidade veciñal, ó Servizo de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Ambiente, aos que se lles fará saber que esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser obxecto de recurso de reposición potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos a partir do día seguinte ó da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da ///xurisdicción contencioso-administrativa.)

The block contains several handwritten signatures in black ink. To the right of the signatures is a circular official stamp. The stamp features the coat of arms of Galicia in the center. The text around the coat of arms reads "XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN" and "OURENSE".

